



Concello de Abadín

ANA ISABEL CANDAME AREOSA, Secretaria-Interventora do Concello de Abadín (Lugo),

CERTIFICO: Que segundo os antecedentes obrantes nesta Secretaría-Intervención a meu cargo, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o 07.04.2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo, do teor literal seguinte:

“5. Acordos que procedan en relación coa Convocatoria para concesión de axudas por nacemento ou adopción de menor – Anualidade 2026. Expediente 210/2026.

Vista a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas por nacemento ou adopción de menor, aprobada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 223 de 27.09.2023.

Visto que segundo o artigo 2 de dita ordenanza reguladora, ditas axudas irán destinadas a proxenitores ou adoptantes de menores de cinco anos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano e dentro das dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Visto que a convocatoria destas subvencións da anualidade 2025 estableceu un período subvencionable desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de novembro de 2025, polo que, en execución do acordado polo Pleno, a convocatoria da anualidade 2026 debe tomar como período subvencionable dende o 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026, para non deixar fóra os nados ou adoptados no último mes do ano 2025.

Visto que existe crédito no vivente orzamento municipal.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos CATRO (4) membros que compoñen acorda:

Primeiro. Aprobar a convocatoria de axudas por nacemento ou adopción de menor, anualidade 2026, así como as súas bases reguladoras que figuran como anexo a este acordo.

Segundo. Aprobar o gasto por importe de 8.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 231.48 do orzamento municipal en vigor.

Terceiro. Publicar o presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións quen o remitirá ao BOP. As bases publicaranse integramente na sede electrónica do Concello.

Cuarto. Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE MENOR - ANUALIDADE 2026

Artigo 1.- Ordenanza específica.

As bases que rexerán a concesión de subvencións en materia de axudas por nacemento ou adopción de menor





Concello de Abadín

foron aprobadas mediante a correspondente ordenanza específica por acordo do Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 28.07.2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 223 de 27.09.2023.

Con arreglo a ditas bases publícase a presente convocatoria para á anualidade 2026.

Artigo 2.- Obxecto, finalidade e procedemento de concesión.

A presente convocatoria, que se desenvolverá a través do procedemento abreviado de concorrência competitiva nos termos previstos no artigo 22 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ten por obxecto establecer o réxime de concesión de axudas destinadas a subvencionar os gastos derivados por nacemento e/ou adopción de menor de cinco anos de idade para impulsar estratexias para fixar e fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, evitando a despoboación do rural.

Artigo 3.- Período subvencionable.

O período subvencionable abrangue desde o 1 de decembro de 2025 ata o 30 de novembro de 2026.

Artigo 4.- Aplicación orzamentaria, crédito orzamentario.

A aplicación orzamentaria á que se imputarán as axudas será a 231.48 do vixente orzamento.

O crédito orzamentario previsto para a presente anualidade 2026 será de 8.000,00 €.

Artigo 5.- Contía da axuda e forma de pago.

A contía total será de 800,00 € por cada menor nado ou adoptado menor de cinco anos de idade.

Esta contía abonarase da seguinte maneira:

- En efectivo e de maneira directa, unha axuda de 500,00 €.
- En especie, mediante unha axuda de 300,00 € en cheques de compra en establecementos e comercios do termo municipal en gastos de alimentación, coidado e aseo persoal, vestiario, etc directamente relacionado co recén nado/a ou adoptado/a.

En todo caso, o recoñecemento do dereito de cobro á subvención, terá a consideración de subvención única e só se poderá conceder unha axuda por recén nado/a ou adoptado/a.

O pago da contía en efectivo realizarase mediante transferencia bancaria aos proxenitores ou adoptantes.

A asignación en especie para gastos relacionados co recén nado/a ou adoptado/a realizarase directamente ao establecemento ou local libremente elixido polos proxenitores previa presentación da factura correspondente a nome do Concello de Abadín.

Ditas facturas deberán cumprir os requisitos legalmente establecidos e deberán conter con suficiente detalle e descripción dos artigos mercados así como identificación dos proxenitores ou adoptantes.

O límite máximo a aboar con cargo a estas facturas será de 300,00 € por recén nado/a ou adoptado/a.

Artigo 6.- Gastos subvencionables.

Serán subvencionables os artigos relacionados co coidado e a crianza do bebé ou menor adoptado, tales como artigos de farmacia e parafarmacia; produtos e artigos de hixiene e de baño; produtos e artigos de alimentación; artigos de lactancia; artigos relacionados co seu coidado e roupa de bebé ou menor adoptado e calquer outro relacionado coas necesidades básicas e específicas do bebé ou menor adoptado.

Quedan excluídos expresamente os xoguetes e artigos de xogo.

Artigo 7.- Persoas beneficiarias e requisitos.





Concello de Abadín

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroadas e acreditar a convivencia efectiva durante alo menos UN (1) ano de maneira continuada á data de nacemento ou adopción.*
- b) O recém nado ou menor adoptado deberá estar empadroado co proxenitor no momento da solicitude.*
- c) Acreditar documentalmente ter realizado gasto en artigos necesarios para o coidado e crianzo do recém nado ou menor adoptado en establecementos ou comercios locais.*
- d) Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas fiscais e tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, autonómica e local e coa Tesourería da Seguridade Social.*
- e) Non incorrer en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Artigo 8.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención poderán presentarse polo seguintes medios:

- a) De forma presencial mediante presentación da documentación sinalada no punto seguinte en soporte papel no rexistro xeral do Concello de Abadín ou en calquer rexistro de outras administracións públicas, así como por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- b) De forma telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Abadín (<https://abadin.sedelectronica.gal>) para o cal será necesario a identificación do solicitante e sinatura electrónica por calquera dos sistema de sinatura electrónica recoñecida e avanzada basados en certificados electrónicos tales como o DNI electrónico, sistema de sinatura electrónica Cl@ve ou certificado electrónico de persoa física.*

O prazo de presentación de solicitudes comenzará a partir do día seguinte á publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de solicitudes deberá presentarse dentro dos TRINTA (30) días naturais á data de nacemento ou adopción do menor. No caso de nacementos ou adopcións anteriores á publicación da presente convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes será de TRINTA (30) días naturais desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 9.- Documentación a presentar.

Para solicitar a axuda deberá presentarse a seguinte documentación:

- a) Solicitude de axuda conforme ao modelo do Anexo I.*
- b) Declaración responsable conforme ao modelo do Anexo II.*
- c) DNI ou documento identificativo en vigor dos proxenitores, titores ou adoptantes.*
- d) Libro de familia ou documento oficial acreditativo do nacemento ou adopción.*
- e) Certificado de empadronamento familiar en caso de non autorizar a súa consulta.*
- f) Factura ou facturas xustificativas do gasto realizado en establecementos e comercios do termo municipal e dentro do período subvencionable.*
- g) Certificado acreditativo de titularidade de conta bancaria.*

O Concello de Abadín poderá solicitar documentación adicional que considere necesaria ao obxecto de resolver a solicitude da axuda.





Concello de Abadín

Se a documentación que acompaña está incompleta ou é defectuosa requirirase para que, no prazo de DEZ (10) días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que acompañe os documentos esixidos ou emende os defectos observados, coa advertencia de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude.

Artigo 10.- Órgano competente para a instrucción e resolución do procedemento.

A instrucción do expediente corresponderá a Secretaría-Intervención a cal, previa revisión da documentación presentada verificará o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria para posteriormente emitir proposta de resolución ao órgano competente para a resolución do procedemento.

A resolución do procedemento corresponderá ao Alcalde-Presidente, sen perxuízo da súa delegación na Xunta de Goberno Local.

No acordo de resolución recollerá a persoa beneficiaria e contía da subvención e no seu caso, a desestimación de concesión de axuda ou renuncia.

Artigo 11.- Prazo de resolución, notificación e efectos do silencio administrativo.

O prazo de resolución da solicitude será de tres meses desde a data da súa presentación. A falta de resolución e notificación dentro deste prazo producirá efectos desestimatorios.

A resolución do procedemento será obxecto de notificación no prazo, na forma e cos efectos establecidos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A resolución será obxecto de publicación nos termos establecidos na normativa de subvencións e de transparencia.

Artigo 12.- Recursos, prazos e forma de interposición.

De conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución do procedemento poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo de UN (1) mes a contar desde o día seguinte á notificación ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS (2) meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo de conformidade cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen perxuízo de que poida exercitar, no seu caso, cualquier outro recurso que se considere procedente.

Artigo 13.- Forma de xustificación.

A xustificación da subvención efectuarase no momento da súa solicitude coa presentación da documentación sinalada na presente convocatoria.

Deberá presentarse factura ou facturas xustificativas de gastos realizados en establecementos e comercios do termo municipal de Abadín dentro do período subvencionable e ata un importe máximo de 300,00 €.

Artigo 14.- Pago da subvención.

O pago da subvención realizarase no prazo de UN (1) mes desde a adopción do acordo de concesión unha vez acreditada a xustificación da subvención.

Artigo 15.- Compatibilidade, incumprimento e reintegro.

Estas axudas serán compatibles coas axudas que poidan obterse doutras administracións públicas, tanto a nivel estatal, autonómica ou local.

O incumprimento das condicións establecidas na presente convocatoria será causa determinante para a non





Concello de Abadín

concesión de axudas. No caso de falsedade documental ou omisión de datos relevantes poderá determinar a inhabilitación do interesado/a para poder resultar beneficiario en convocatorias futuras.

Dará lugar ao reintegro de axudas percibidas e a esixencia do correspondente interés de demora desde a data de pago da axuda, a obtención da subvención sen reunir as condicións sinaladas nas bases e na presente convocatoria así como o seu incumprimento.

ANEXO I SOLICITUDE DE AXUDA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE MENOR

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	D.N.I./Pasaporte
Data de nacemento	Sexo	Nacionalidade	Estado Civil
Domicilio a efectos de comunicacións		Municipio	Código Postal
Provincia	Teléfono Fijo	Teléfono Móbil	Correo electrónico

☐ **AUTORIZO** ao concello de Abadín ao tratamento dos meus **datos persoais** obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos que, no seu caso, achéguese co mesmo, de conformidade co establecido no **Regulamento (UE) 2016/679** de protección de datos e na **Lei Orgánica 3/2018**, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
No caso de non aceptar o tratamento dos seus datos nos termos previstos, informámoslle que non será posible a prestación do servizo para o que se solicitan ditos datos.

DATOS DO/A REPRESENTANTE

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	D.N.I./Pasaporte
Domicilio a efectos de comunicacións		Municipio	Código Postal
Provincia	Teléfono Fijo	Teléfono Móbil	Correo electrónico

☐ **AUTORIZO** ao concello de Abadín ao tratamento dos meus **datos persoais** obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos que, no seu caso, achéguese co mesmo, de conformidade co establecido no **Regulamento (UE) 2016/679** de protección de datos e na **Lei Orgánica 3/2018**, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
No caso de non aceptar o tratamento dos seus datos nos termos previstos, informámoslle que non será posible a prestación do servizo para o que se solicitan ditos datos

DATOS DE OUTROS MEMBROS DO NÚCLEO DE CONVIVENCIA

Nome e apelidos	D.N.I./ Pasaporte	Data Nacemento	Relación solicitante	co	*Trat. Datos





Concello de Abadín

				☐
				☐
				☐
				☐
				☐
				☐

* **AUTORIZO** ao concello de Abadín ao tratamento dos meus **datos persoais** obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos que, no seu caso, achéguese co mesmo, de conformidade co establecido no **Regulamento (UE) 2016/679** de protección de datos e na **Lei Orgánica 3/2018**, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No caso de non aceptar o tratamento dos seus datos nos termos previstos, informámoslle que non será posible a prestación do servizo para o que se solicitan ditos datos.

DOCUMENTACIÓN ORIXINAL QUE SE ACHEGA OU COPIA COMPULSADA/COTEXADA

- ☐ Fotocopia do DNI, NIE ou pasaportes dos proxenitores ou adoptantes. No seu caso, certificado de Rexistro de Cidadán da Unión Europea dos proxenitores.
- ☐ Libro de Familia ou documento oficial acreditativo do nacemento ou adopción. Nos casos de proxenitores menores de idade non emancipados, deberán achegar, ademais, o seu libro de familia.
- ☐ Certificado de Empadramento Familiar en caso de non autorizar a súa consulta.
- ☐ Certificado que acredite a titularidade da conta bancaria.
- ☐ Anexo II - Declaración responsable
- ☐ Outra documentación (especificar):

A persoa abaixo asinante **DECLARA**, baixo a súa responsabilidade, que son certos cantos datos figuran na presente solicitude, así como na documentación adxunta e queda decatado da obriga de comunicar ao Excmo. Concello de Abadín calquera variación que puidera producirse.

En Abadín, a _____ de _____ de 20____

Asinado: _____

ANEXO II DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	D.N.I./Pasaporte





Concello de Abadín

Domicilio a efectos de notificacións		Municipio	Código Postal
Provincia	Teléfono Fijo	Teléfono Móbil	Correo electrónico

DATOS DO/A REPRESENTANTE

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	D.N.I./Pasaporte
Domicilio a efectos de notificacións		Municipio	Código Postal
Provincia	Teléfono Fijo	Teléfono Móbil	Correo electrónico

DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos na **Ordenanza reguladora para a concesión de axudas por nacemento ou adopción de menor no Concello de Abadín**, en concreto:

- ☐ Que non se atopa incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións, establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- ☐ Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias co facenda estatal, autonómica e local e coa Seguridade Social.
- ☐ Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
- ☐ Que se cumpren e acéptanse todos os requisitos que esixe a convocatoria para solicitar e outorgar axudas.
- ☐ Que, no caso de que se reciba a subvención que se solicita, acéptaa.
- ☐ Que se acepta e cúmprese a normativa xeral vixente que regula as subvencións que outorga este Concello.
- ☐ Que acepta aportar a documentación requirida na ordenanza reguladora xustificar documentalmente no caso de concesión da axuda.
- ☐ Que autoriza ao Concello de Abadín a solicitar calquera información a ficheiros públicos (Administración Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social ou en calquera outro organismo que tivese atribuída a competencia para verificar os datos contidos nesta solicitude).





Concello de Abadín

☐ *Que está informado/a do contido do apartado de comunicación que consta nesta solicitude.*

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a _____ de _____ de 20_____.

Asdo.: _____ ”

E así o fago constar aos efectos oportunos, expedindo a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Prepresente coa salvedade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, en Abadín, na data de sinatura á marxe.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria-Interventora

José María López Rancaño

Ana I. Candame Areosa

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

